



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Métodos e deseños na investigación da linguaxe	Código	652498012	
Titulación	Mestrado Interuniversitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (plan 2015)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Risso Miguez, Alicia Gloria	Correo electrónico	alicia.risso@udc.es	
Profesorado	Risso Miguez, Alicia Gloria	Correo electrónico	alicia.risso@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia ofrece unha revisión de nivel medio sobre as metodoloxías e técnicas de investigación no ámbito da linguaxe. Realízanse análises metodolóxicas de traballos relevantes no contexto da investigación da linguaxe e vincúlase cun proxecto de investigación.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A9	Os estudantes serán capaces de analizar criticamente as publicacións científicas.
A10	Os alumnos serán capaces de elaborar un informe científico que implique definir un problema de investigación, as hipóteses e variables asociadas, así como definir o deseño, a mostra e o seu modo de selección, as ferramentas de recollida de datos e a súa consecuente análise e discusión.
B1	Os alumnos/as saberán acceder, seleccionar e xestionar as fontes de información relevantes para a práctica profesional.
C8	Os estudantes valorarán a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
<p>AO FINALIZAR A MATERIA, O ALUMNADO:</p> <p>Pode reflexionar por escrito acerca dos fundamentos metodolóxicos da investigación sobre a linguaxe e a comunicación.</p> <p>Pode describir os métodos e técnicas de recollida e análise de información, fundamentalmente cuantitativos.</p> <p>É capaz de deseñar instrumentos de recollida de información para programas de intervención en linguaxe e comunicación.</p> <p>É capaz de buscar e seleccionar a documentación bibliográfica necesaria para un traballo de investigación.</p> <p>É capaz de analizar criticamente as publicacións científicas.</p> <p>Pode comunicar axeitadamente os resultados dunha investigación.</p> <p>É capaz de elaborar un informe científico que implique definir un problema de investigación, as hipóteses e variables asociadas, así como definir o deseño, a mostra e o seu modo de selección, as ferramentas de recollida de datos e a súa consecuente análise e discusión.</p>		AP9 AP10	BP1 CP8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Metodoloxía experimental e cuasiexperimental, observacional e de enquisas na investigación da linguaxe.	1. Metodoloxía experimental e cuasi-experimental 2. A observación como metodoloxía e como técnica 3. Enquisas e entrevistas



2. Deseño, construción, avaliación e aplicación de instrumentos de recollida da información.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Deseño 2. Construción 3. Avaliación 4. Aplicación 5. Asignación e interpretación de puntuacións
3. Aplicación das novas tecnoloxías á recollida de información.	<ol style="list-style-type: none"> 1. A recollida de datos a través de internet: características, consideracións, vantaxes e inconvenientes 2. Programas informáticos e software de apoio 3. Aplicacións prácticas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A9 A10	5	15	20
Obradoiro	A9 A10 B1 C8	5	10	15
Traballos tutelados	A9 A10 B1 C8	6	12	18
Presentación oral	A9 B1 C8	1	6	7
Proba obxectiva	A9 A10 B1 C8	1	8	9
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Selección de lecturas que se comentan posteriormente en clase e que serven para os traballos tutelados. Responderase a un cuestionario online sobre elas, como control de lectura.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	Análise metodolóxica de investigacións relevantes dentro do ámbito da investigación da linguaxe, seguindo as directrices da Guía de Análise que se ofrece no curso.
Presentación oral	Exposición dun dos traballos tutelados realizados.
Proba obxectiva	Pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados Obradoiro	Os traballos requiren dun seguimento individual, ou en grupo pequeno, do profesorado.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A9 B1 C8	Parte dos traballos tutelados: Exposición dun dos traballos tutelados realizados. (Actividade de equipo).	15
Traballos tutelados	A9 A10 B1 C8	Consistirá na realización de análises metodolóxicas de publicacións relevantes no campo da investigación da linguaxe, de acordo coa Guía de análise que ofrece a materia.	15
Lecturas	A9 A10	Avaliaranse cos traballos tutelados.	0



Obradoiro	A9 A10 B1 C8	Resolución das prácticas iniciadas en clase e rematadas de forma non-presencial. (Actividade de equipo). Sumarase individualmente a asistencia, a condición de que estea por encima do 80 %.	20
Proba obxectiva	A9 A10 B1 C8	Exame final. Proba obxectiva con catro opcións de resposta por cuestión, das que só unha será correcta.	50

Observacións avaliación

Para aprobar será necesario obter, como mínimo, a metade da puntuación total posible en cada unha das metodoloxías de avaliación.

Fontes de información

Bibliografía básica	<p>MANUAL DE APOIO: NAVAS ARA, M. J. (coord.) (2002). Métodos, deseños e técnicas de investigación psicolóxica. Madrid: UNED. Libro pensado para o ensino non-presencial, que abrangue practicamente todos os temas relacionados coa metodoloxía de investigación, dende unha introdución sobre o método científico ás distintas metodoloxías e o seu emprego, pasando pola construción de instrumentos de medida. OUTROS TEXTOS RECOMENDADOS: LEÓN, O. y MONTERO, I. (2000). Diseño de investigaciónes. Madrid: McGraw-Hill. Libro de lectura doada e amena, con múltiples exemplos. Moi recomendable. DELGADO, A. R. y PRIETO, G. (1997): Introducción a los métodos de investigación de la Psicología. Madrid: Pirámide. Libro breve y sencillo que aborda una buena parte de los contenidos incluidos en el programa. FONTES, S.; GARCÍA, C.; GARRIGA, A. J.; PÉREZ-LLANTADA, M. C. y SARRIÁ, E. (2001): Diseños de investigación en Psicología. Madrid: UNED. Libro breve e sinxelo que aborda unha boa parte dos contidos incluídos no programa. GARCÍA, C.; QUINTANILLA, L.; GARRIGA, A. J.; FONTES, S.; PÉREZLLANTADA, M. C. y SARRIÁ, E. (2003): Diseños de investigación en Psicología. Cuaderno de Prácticas. Madrid: UNED. Trátase dun Caderno de Prácticas elaborado para esa materia da titulación de Psicoloxía que acompaña á obra do mesmo título realizada por Fontes e col. (2001). Nel ofrécense numerosos extractos de investigacións sobre as que se propoñen distintas actividades aos lectores. GARCÍA, M.; IBÁÑEZ, J. y ALVIRA, F. (comp.) (1994): El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación (2.a ed.). Madrid: Alianza. Manual cunha perspectiva sociolóxica no que se aborda a análise da realidade social considerando os deseños e a forma de recoller e analizar posteriormente os datos. Examínanse as metodoloxías incluídas n programa, cun peso maior á cualitativa e á de enquisas, un capítulo para a metodoloxía observacional e algunha referencia á metodoloxía experimental, pouco utilizada no ámbito do que trata o libro. MELTZOFF, J. (2000): Crítica a la investigación. Psicología y campos afines. Madrid: Alianza. Libro claro e didáctico organizado en dúas partes. Na primeira revísanse todas as fases implicadas na realización dunha investigación. Na segunda proponse un conxunto de 16 artigos ficticios creados polo autor e con erros que o lector debe detectar, se ben cada artigo vai seguido dun comentario do autor onde se sinalan unha boa parte deles. MERINO, J. M.; MORENO, E.; PADILLA, M.; RODRIGUEZ-MIÑÓN, P. y VILLARINO, A. (2001): Análisis de datos en Psicología I. Madrid: UNED. Libro concibido expresamente para o estudo a distancia da estatística descritiva, moi claro e didáctico, cheo de exemplos sinxelos e aclaracións, que resultará de grande utilidade para o alumno que se achega por vez primeira a eses conceptos estatísticos.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías